

MESA SECTORIAL

21/10/2025

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase a acta referida unha vez feitas as aportacións polas organizacións sindicais.



2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE CONCURSO XERAL DE TRASLADOS 2025-2026.

Previo a tratar o punto do Concurso Xera, **ANPE traslada a necesidade de afrontar unha profunda reforma da cobertura de necesidades educativas especiais e da atención a diversidade que palien a falta de especialistas nos centros educativos.**

E imprescindible afrontar a cobertura de PTe AL, tanto en primaria como en secundaria así como, **confeccionar unha rede realista de Orientación acorde as necesidades reais dos centros evitando os parches ineficaces** que a Admón Galega asigna os nosos centros que para nada se adaptan a realidade educativa dos nosos centros.

So nos últimos 4 anos se triplicou o número de docentes en expectativa dentro destas especialidades o atoparse totalmente **desfasados unhos catálogos irreais** e unha rede de centros de orientación totalmente absoleta.

Esiximos unha revisión inmedita nas necesidades educativas específicas dos nosos centros e unha cobertura suficiente de profesionais que aborden as necesidades dos mesmos coa calidade co ensino público precisa.

A negociación desta Orde ven moi limitada polo novo Real Decreto. Xa na Mesa Estatal

presentamos todas as Organizacións Sindicais un escrito denunciando que non pasaran pola mesa cuestións como as normas procedimentais.

Demandamos que o persoal poida participar no Concurso de Traslados todos os anos independentemente de que obtivesen ou non destino definitivo.

Solicitamos que o funcionariado en prácticas non participe con 0 puntos.

Demandamos que o dereito de concorrencia se poida exercer a localidade ou zona e non soamente a provincia.

En relación ás vacantes incidir en que se debe repetir a experiencia da negociación das mesmas centralizada e non nas Delegacións Territoriais. Demandamos tamén que se coñezan as prazas estruturais.

Demandamos información sobre a puntuación das prazas de difícil desempeño (xa que hai sentenzas que indican que é unha puntuación recuperable).

Para ANPE Galicia é importante que as adxudicacións de oficio se fagan pola especialidade de oposición.

Solicitamos que se cubran as vacantes de AL en secundaria.

Desde ANPE Galicia queremos preguntar porque Galicia é a única comunidade con lingua propia na que non se solicitou por parte da Administración Educativa unha puntuación específica en atención á peculiaridade lingüística (apartado 6.7 do baremo do Real Decreto) onde poderían ter cabida os certificados CELGA ou titulacións ou cursos específicos de lingua galega, que ademais contribuirían a aumentar o estudo da nosa lingua máis se cabe cando as estatísticas recoñecen unha diminución do usa da mesma.

MESA SECTORIAL

21/10/2025

En relación ao baremo consideramos que a puntuación recollida para os cursos de innovación educativa (6.4) de 0,15 puntos por curso non é nin equitativa nin proporcional e máxime cando a meirande parte dos certificados de proxectos e plans teñen a puntuación neste apartado.

Vemos positivo que se aumentase a puntuación por desempeño de cargos directivos e por asumir determinadas funcións, pero seguimos pensando **que non habería que poñer ningún límite máximo**, ao igual que acontece coa puntuación do apartado 1 de experiencia. Tamén cremos que a puntuación por desempeñar cargos directivos debería concretarse e diferenciarse por tipoloxía de centros nas normas procedimentais, así como, valorarse o desempeño de cargos unipersoais e outras funcións, aínda que se desempeñe máis dunha función no mesmo tempo. **Fundamental recoñecer a figura do titor/a real con puntuación, horario e remuneración.**

Solicitamos información sobre se a puntuación dos apartados 4.3 (titorías) e 6.6 a e b (titorización de alumnado de grao e funcionariado en prácticas) se pode simultanear como pedimos todos os anos xa que parece que este ano non está recollida a non simultaneidade. Queremos que a Administración nos confirme este punto. Consideramos que son dúas funcións independentes e que conlevan un traballo improbo que debe ser valorado por separado, é máis se se chegaba ao tope no apartado 4 e habendo posibilidade no 6 non se recollía esa puntuación.

Demandamos recoñecemento, tanto económico como administrativo, para o persoal que substitúe a algún cargo directivo.

Demandamos recoñecemento económico de TODAS as coordinacións (e non soamente a de dinamización lingüística).

Desde ANPE Galicia consideramos que se debe dar opción de puntuación polo corpo que máis lle beneficie ao persoal que, pertencendo a un corpo, prestou servizos noutro.

Solicitamos que se puntúen todos os premios extraordinarios que se poidan ter.

Con respecto á Competencia Dixital Docente entendemos que Galicia é unha das comunidades máis avanzadas no tema pero é algo que está sen acabar de completar. Sabemos que a puntuación desta competencia ven obrigada polo Real Decreto pero non entendemos que estando o procedemento tan “verde” como está o Ministerio incluíse este punto (máxime tendo en conta que xa ten manifestado que este tipo de Concurso de Traslados é transitorio en espera da negociación dun novo sistema).

ANPE Galicia insiste na petición de que se valoren os cursos do INTEF xa que moita xente non os ten valorados de cara á acreditación da competencia dixital docente.

Solicitamos que se valore a posibilidade de incorporar a reagrupación familiar como criterio de puntuación nalgún apartado do baremo. En particular, referímonos aos casos de docentes con custodia compartida derivada dunha separación legal, sempre que esta circunstancia figure recollida nunha sentenza xudicial. Consideramos que ter en conta estes supostos contribuiría a facilitar que o pai ou a nai poidan obter un destino próximo ao lugar de residencia dos seus fillos/as, favorecendo así a conciliación familiar e a estabilidade persoal.

Por último demandamos que o procedemento de actualización do expediente electrónico na aplicación de Datos Persoais estea aberto

MESA SECTORIAL

21/10/2025

permanentemente durante todo o curso académico.



3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE CONCURSO ESPECÍFICO ORIENTACIÓN PRIMARIA 2025-2026.

Comezamos solicitando información concreta de sí se vai a convocar **concurso de adultos** (desde ANPE entendemos que habería vacantes suficientes para convocalo). A Admón di que este ano **non se convocará**, pero si o fará o curso vindeiro.

Iniciamos a nosa intervención solicitando unha actualización profunda do Decreto pois xa está moi alonxado da realidade e desfasado da actualidade educativa.

Presentamos tamén a nosa queixa pola cantidade de prazas compartidas que non fan máis que alonxarnos dun ensino público de calidade.

Desde ANPE Galicia denunciar novamente que se perde a oportunidade de abordar dun xeito serio, detallado, consensuado na Mesa Sectorial ou nas Xuntas de Persoal das Delegacións Territoriais unha Rede de Orientación Educativa en Galicia.

A Administración educativa debe apostar firmemente pola atención ás necesidades específicas do alumnado e pola atención á diversidade e iso pasa por deseñar unha boa rede de orientación. Vemos como se nos presenta un Anexo III, que segundo a propia Orde ten un carácter provisorio xa que esta indica (na súa base

segunda) que son os centros que “previsiblemente” compartirán orientador/a. **As organizacións sindicais descoñecemos cales son os criterios empregados pola Consellería para establecer que centros comparten orientador/a e con que centros o fan.**

En relación co texto da Orde, que é idéntico ao doutros anos, consideramos que ao tratarse dun concurso específico, debería eliminarse o requisito de que teñan que transcorrer dous anos desde o último destino definitivo e permitir a participación de todo o profesorado. **Hai dous cursos a Administración comprometeuse a facer un estudo da viabilidade xurídica desta proposta e non temos ningunha resposta ao respecto**

Solicitamos tamén que se recolla explicitamente no texto da Orde que se fará público o remate da baremación dos aspirantes para que poidan saber claramente cando poderán comezar a facer as reclamacións previas á resolución provisional.

Demandamos que se amplíe o prazo de participación a 20 días hábiles.

En relación ao baremo solicitamos que se elimine do mesmo o apartado 6.4 de valoración de cargos na administración, que desde ANPE Galicia consideramos meritocracia e que hai dous cursos fora retirado do baremo e este ano, igual que o anterior, volve a ser incorporado. Así mesmo solicitamos valoración para os responsables dos centros de menos de 3 unidades.

No apartado 4.3 demandamos que se puntúen todo tipo de coordinacións.

Non ten sentido valorar no baremo a pertenza a corpos de Catedráticos nun concurso específico do corpo de mestres xa que ningún participante pode ter puntuación nese apartado.

Seguimos mantendo as nosas dúbidas de que a puntuación por centros de difícil desempeño se perda. Hai xa sentenzas en distintas comunidades que indican que esa puntuación hai que outorgala

MESA SECTORIAL

21/10/2025

aínda que non se participe desde un centro de difícil desempeño.

En calquera caso deberían incluírse aspectos específicos do Concurso que estamos tratando no baremo.

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROLDA FINAL DE INTERVENCIÓNS.

* Solicitamos, ante a negociación dos presupostos do ano 2026, que se aborde dunha vez por todas o pago dos 5,5 meses ao profesorado interino, acabando coa discriminación que sufren os substitutos galegos ante os do resto do estado. Esiximos a reunión urxente da Comisión de Seguemento do acordo para acordar a aprobación da medida.

* Pídesse a actualización e concocatoria de listas que estean próximas a esgotarse.

*Debemos afrontar xa a actualización da orde de licencias, permisos e excedencias xa que está totalmente desfasada.

*Pídesse por ANPE axilidade no abono de sexenios e trienios consolidados de novo e o abono das cantidades adeudadas os membros dos tribunais das oposicións 2025.10.21

* Solicitamos información sobre a convocatoria de oposicións para o vindeiro ano.

*Debemos abordar o antes posible o tema dos “expertos” para aplicar a normativa que afecta a moito profesorado de FP e que está a expectativa do que ocorre co seu futuro.

* Ante a noticia dos recortes nos dinamizadores de empresas pídesse unha clarificación destes postos e como quedarán os substitutos e interinos que cubren o posto dos que desempeñan esas vacantes.

***ANPE esixe o pleno funcionamento dos Comites de Prevención de Riscos Laborais provinciais que levan anos paralizados incumplindo a normativa vixente.**

